



# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

(Setembro 2023)

## IES DE VILALONGA



## ÍNDICE

-1. INTRODUCCIÓN.....	3
-2. O CENTRO DOCENTE .....	3
2.1.-DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO .....	3
2.2.-RESEÑA HISTÓRICA .....	3
2.3.-SITUACIÓN .....	3
2.4.- INSTALACIÓNS .....	4
-3.-COMUNIDADE EDUCATIVA .....	4
3.1-ALUMNADO .....	4
3.2-FAMILIAS .....	5
3.3-PROFESORADO .....	5
3.4-PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.....	5
4. PRINCIPIOS E VALORES FUNDAMENTAIS.....	6
5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	8
6.- OFERTA EDUCATIVA .....	8
7.- HORARIO DO CENTRO .....	9
8- CENTROS ADSCRITOS E ÁREAS DE INFLUENCIA .....	10
9.- MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DOPRESENTE DOCUMENTO.....	10



## 1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo de Centro do IES de Vilalonga é un documento onde se pretende reflectir tanto as características propias específicas deste centro como os seus principios e obxectivos e as liñas mestras de traballo que han de levar á súa consecución. Da mesma maneira, é un documento de tipo funcional e vinculante que atinxe a toda comunidade educativa, establece as prioridades do centro e ten basicamente tres funcións:

1. Recoller as orientacións que os membros da comunidade educativa deben dar ás súas actuacións.
2. Afirmar o principios e valores de carácter xeral do centro para a súa concreción nas propostas curriculares do centro.
3. Establecer uns obxectivos xerais de centro que sirvan de referencia para a concreción dos obxectivos das distintas modalidades educativas que se ofertan.
4. Definir as características singulares do centro.
5. Orientar o desenvolvemento do resto dos documentos do centro.

## 2.- O CENTRO DOCENTE

### 2.1.-DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

**NOME:** IES de VILALONGA **CÓDIGO:** 36019256 **TITULARIDADE:** PÚBLICA:

**DOMICILIO:** A SALGUEIRA Nº 40 – 36990 VILALONGA- SANXENXO

(PONTEVEDRA)

**TELÉFONO:** 886159137

**FAX:** 886159146

**PÁXINA WEB:** <http://www.edu.xunta.es/centros/iesvilalonga/>

**CORREO ELECTRÓNICO:** [ies.vilalonga@edu.xunta.gal](mailto:ies.vilalonga@edu.xunta.gal)

### 2.2.-RESEÑA HISTÓRICA

O Centro comezou a súa andadura o 13 de novembro de 1980 como un Instituto de Formación Profesional. Máis tarde, no ano 1982 creouse ao seu carón o Colexio Municipal Homologado de Bacharelato, que en 1985 se transformou no Instituto de Bacharelato. Finalmente, no ano 1989 estes dous centros fundíronse nun só, o que actualmente é o IES de Vilalonga.



## 2.3.-SITUACIÓN

O IES de Vilalonga está emprazado nunha zona rural, no lugar de A Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra). As dúas actividades económicas máis influentes son a vitivinícola e ade servizos no turismo. A ligazón do alumnado a estas actividades inflúe, ao longo do curso e sobre todo na convocatoria extraordinaria de setembro, no rendemento académico do alumnado.

## 2.4.-INSTALACIÓNS

O Centro está formado por catro edificios:

Edificio nº I: Secretaría, Sala do Profesorado, despachos de Dirección e Orientación, cafetería, aula de Música, aula de convivencia, aula de idiomas, almacén TIC, arquivo, 3 aulas de titorías, conserxería, aula PT, seminario de idiomas, almacén, laboratorios de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, aula de Debuxo, Biblioteca, aula de Informática, aula de Tecnoloxía/TIC, catro aulas para desdobres e as aulas de ESO e 1º de FPB de Mantemento de Vehículos.

Edificio nº II: Salón de Actos, unha aula de Tecnoloxía e as aulas de Bacharelato, FP Básica de Cociña e Restauración e Servizos Administrativos, e Ciclos de Xestión Administrativa e Administración e Finanzas.

Edificio nº III: talleres e as aulas do Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos e FP Básica

Edificio nº IV: Ximnasio e almacén.

Ademais utilízase o pavillón de deportes do Concello, situado nas inmediacións do Centro. No recinto escolar tamén hai dúas pistas polideportivas.

## 3.- COMUNIDADE EDUCATIVA.

Actualmente o número de alumnos e alumnas está en torno aos 720, cun claustro de 72 membros. Ademais contamos con tres conserxes, dúas administrativas e catro limpadoras. O horario de funcionamento é de 08.30 horas a 14.10 horas e de 16.15 horas a 22.30 horas (os venres só pola mañá).

### 3.1. Alumnado.

- **Procedencia.** Atopámonos con varios tipos de alumnos e alumnas. Por unha parte, o alumnado de 1º de ESO provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla). Nos restantes cursos de ESO ao alumnado do propio Centro



súmase algún outro que cambia de Centro por distintos motivos. En 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro, do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. En 2º de Bacharelato tamén se suman ao alumnado do Centro outros que cambian de Centro. No que respecta aos Ciclos Formativos, una parte do alumnado é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove, Pontevedra.

- **Perfil.** Nesta zona o alumnado presenta unha dificultade, non particular deste centro, senón xeneralizada, que é a falta de esforzo e de valoración do estudo. Esta dificultade faise máis patente na Secundaria Obrigatoria porque este alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvolvidas as habilidades necesarias para o estudo, dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse. No Bacharelato e nos Ciclos Formativos aumenta a dificultade dos estudos e isto require unha maior dose de esforzo e traballo continuado e unha maior motivación persoal para o estudo. Xunto a todo isto aparecen, como en todos os centros, casos de indisciplina localizados en determinados alumnos e alumnas, e case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio.

### *3.2. Familias.*

Podemos analizar varios aspectos.

1º. A pouca valoración do feito educativo e a importancia do diñeiro como meta social provocan unha escasa participación na vida do Centro, que se traduce nunha queixa xeneralizada, tanto do profesorado como dos propios representantes da ANPA.

2º. A relación, xeralmente correcta, co profesorado.

### *3.3. PROFESORADO.*

A análise deste sector debe realizarse dende diferentes perspectivas que pasan polas características do grupo, as súas relacións internas e as súas posicións ante a problemática educativa. O profesorado do centro caracterízase por un alto grao de estabilidade, pois aproximadamente o 70% ten praza fixa no instituto. Isto é un factor positivo e tamén negativo:

- Positivo: Unha maior posibilidade de continuidade e seguimento dos proxectos e do desenvolvemento curricular, que son máis difíciles de acadar cun persoal docente con destino provisional.
- Negativo: Rutinas e hábitos establecidos que son difíciles de romper para implicar ao



profesorado en novos proxectos de renovación e innovación educativa.

### *3.4. Persoal de Administración e Servizos.*

Está dividido en tres sectores pola súa actividade: persoal de administración, persoal de limpeza e conserxes. O seu papel é básico para a boa marcha do Centro, sinaladamente para as xestións do profesorado, alumnado e familias, pois xogan tamén un papel moi importante na imaxe que se ofrece cara ao exterior.

## **4.- PRINCIPIOS E VALORES FUNDAMENTAIS.**

O IES de Vilalonga ten vocación de ocupar un lugar central na comunidade á que pertence pois é consciente do papel que ten como vertebrador da mesma. A tal efecto, o principal obxectivo do noso centro é dobre: por unha banda, ofrecer un ensino de calidade que permita ao noso alumnado tanto a capacitación para cursar de maneira solvente estudos superiores como a propia cualificación profesional nos eidos que impartimos. E por outra, formar cidadáns responsables, críticos, participativos e solidarios para incorporarse á vida social. Deste xeito o IES de Vilalonga establece como principios pedagóxicos básicos do seu proxecto educativo:

- a) O respecto pola diversidade dos membros da comunidade educativa, poñendo énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.
- b) A procura dunha acción educativa que integre as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo, fomentando o traballo colaborativo e en equipo, e potenciando a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.
- c) O reforzo da autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade mediante a realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deseñaranse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- d) A lectura como factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.
- e) O desenvolvemento de xeito integrado do currículo de todas as linguas da oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.



Por outra banda, son valores fundamentais a promover na acción educativa e no desenvolvemento curricular do noso centro:

- a) O fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.
- b) A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- c) A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
- d) A supresión dos comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Para axudar á consecución, posta en práctica e fomento de ditos obxectivos, principios e valores, o

IES de Vilalonga aposta polos eixos:

- a realización de múltiples actividades complementarias e extraescolares que permitan ao noso alumnado adquirir coñecementos e experiencias que están fóra do currículo ordinario (teatro, concertos, saídas didácticas...), así como coñecer outras realidades fóra da comunidade rural e de servizos ao turismo á que pertence. Neste sentido, levamos anos organizando viaxes ao estranxeiro, tanto a países francófonos como anglófonos, e participamos tamén no Proxecto Erasmus + que permite a mobilidade ao estranxeiro nas prácticas do alumnado de ciclos formativos medios.
- a implantación das novas tecnoloxías, para o que formamos parte da rede Abalar e contamos coa totalidade das aulas informatizadas.
- un Plan de Convivencia, dinamizado polas figuras das persoas Coordinadoras de Convivencia e do Programa TEI e TIEMO, así como os compoñentes do equipo de Mediación, cun marcado carácter formativo ao tratarse dun tipo de aprendizaxe enmarcado dentro dos obxectivos fundamentais e transversais de cada etapa, no cal o alumnado sexa o principal protagonista. Un Plan asumido como un compromiso integrado, de xeito razoable, por todos os membros da comunidade educativa e do que todos e todas serán responsables, velando polo seu



bo funcionamento e cumprimento das normas que esixe.

- unha Biblioteca dinámica que posúe novos fondos en actualización constante, organiza múltiples actividades de promoción da lectura e da escritura, entre as que cabe destacar a Hora semanal de lectura, así como tamén os Clubes de Lectura dos que forman parte un número importante de alumnos e de alumnas.
- un Plan de Igualdade, dinamizado pola persoa Coordinadora de Igualdade e Inclusión, que dispón os principios, actuacións e actividades encamiñadas á consecución da igualdade entre mulleres e homes, o respecto polas diferenzas das persoas e a inclusión daquelas con risco de exclusión, así como á prevención de actitudes discriminatorias.

## **5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.**

- **Órganos de goberno.**

- Unipersoais:

- Director/a, vicedirector/a, xefe/a de estudos de diúrno, xefe/a de estudos de adultos, secretario/a.

- Colexiados:

- Consello Escolar: formado por representantes de todos os sectores que conforman a comunidade educativa do centro (Profesorado, Pais/Nais, Persoal de Administración e Servizos, Alumnado e Concello).
- Claustro de profesores.

- **Órganos de coordinación docente.**

- Departamentos didácticos.

- Comisión de Coordinación Pedagóxica, composta polos Xefes e Xefas de Departamento, profesor ou profesora de Pedagogía Terapéutica, coordinador ou coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, responsable da Biblioteca, coordinadores ou coordinadoras de FCT, Convivencia, Igualdade e TEI, Dirección e Xefatura de Estudos.

- **Asociacións.**

- Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as.



- **Xunta de delegados.**

## 6.- OFERTA EDUCATIVA.

- Ensino Secundario Obrigatorio.
- Bacharelato:
  - Ciencias e Tecnoloxía.
  - Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos formativos:
  - Grao Medio:
    - Xestión Administrativa.
    - Electromecánica de Vehículos Automóbiles.
  - Grao Superior:
    - Administración e Finanzas.
- FP básica:
  - Mantemento de Vehículos.
  - Servizos Administrativos.
  - Cociña e Restauración.
- Adultos:
  - Nivel I e II de Educación Secundaria de Adultos.
  - Oferta modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa (a distancia).

## 7.- HORARIO DO CENTRO.

ESO: Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e a tarde do martes de 16:15 a 18:00 horas.

Bacharelato: Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e a tarde do martes de 16:15 a 18:00 horas.

FP Básica: Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e a tarde do martes de 16:15 a 18:00 horas.

Ciclos Formativos: Polas mañás de luns a venres de 08:30 a 14:10 horas e polas tardes de luns a



mércoresde 16:15 a 18:00 horas.

ESA: Polas tardes de luns a xoves de 16:15 a 21:05 horas.

Oferta Modular de Ciclos Formativos: De luns e mércores de 20:00 a 22:30 horas; martes a xoves de 19:00 a 21:30 horas.

## **8.- CENTROS ADSCRITOS E ÁREAS DE INFLUENCIA.**

Os centros de primaria adscritos coas súas áreas de influencia son:

- CEIP Cruceiro: Vilar, Touceira, O Castro, Piñeiros, Costiña, Freixo, Rouxique, Salgueira, Cruceiro, Bruñeira, Lagarei, Arnosa, Fianteira, Xuncabranca, Gondar de Abaixo, Gondar de Arriba, Revel, Pedreiras, Peai, Cruce da Vichona (dirección Vilalonga), Lomba, Outeiro, Gondariño, Carballo, Empalme, Altamira, Seixobranco.
- CEIP Plurilingüe de Nantes: O Pedroño, Nantes de Reis, Bouzón, Santa Eulalia de Nantes, Seixomil, Pazos, Casal, Buezas, Fontoira (a partir do cemiterio), Contumil, Seixal, Rial, Santa M<sup>a</sup> da Digana, Vinquiño (a partir da casa nº 5), Pedrouzos, Xesteiriña, Forxán, A Cachada, O Santo, Dadín, Pedeirás, A Granda, Viliquín.
- CEIP de Noalla: Telleiro, Aios, Eira do Monte, Besadoiros, Capilla, Bascuas, Pragueira, Major, Cachadelos, Foxos, A Lanzada, Quintáns, Igrexa, Altín, Soutullo, Pontes, Salgueiro do Mato, Casal, Caseiros (cuartel), Tombelo, Revolta I, Revolta II.

Os centros de secundaria adscritos para a realización do bacharelato no noso centro son:

- IES de Sanxenxo.
- IES de Meaño.
- CP Abrente.

## **9.- MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO.**

Este documento poderá ser revisado anualmente. No mes de abril, o profesorado, alumnado e persoal laboral, a título individual ou colectivo, poderá presentar emendas parciais perante a dirección do Centro, que as levará durante o mes de maio a un claustro extraordinario para a súa discusión. As que resulten aprobadas por maioría simple serán levadas ao último Consello Escolar do curso académico para a súa revisión e inclusión no



documento.

As modificacións aprobadas entrarán en vigor ao comezo do curso académico seguinte.